

## **LISTA DE ASISTENTES**

Alonso Vega, María Flora  
Bravo Bernárdez, Jorge  
Fernández Fernández, Federico A.  
Fernández Iglesias, Manuel  
Ferreiro Vázquez, Óscar  
González Santamaría, Pedro  
Martínez Martín, M<sup>a</sup> José  
Pena Uris, Gloria M.  
Vaquero Díaz, M<sup>a</sup> Beatriz  
Zas Varela, Mónica

## **DESCULPA ASISTENCIA**

Vázquez-Rey Farto, Ernesto

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 27 de abril de dous mil dezaoto, convocada para as 09:00 horas en primeira convocatoria e ás 09:30 horas en segunda na salas de videoconferencia de:

- Vigo: Local UVigoTV, Praza Miralles, Local A3A
- Ourense: Servizos Centrais Multimedia. Biblioteca Central, Segunda planta
- Pontevedra: Servizos Centrais Multimedia, Facultade de Ciencias Sociais, 1º planta, Seminario 5

O día **27 de abril de 2018** ás 09:30 h deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinarias do 28 de febreiro e 22 de marzo de 2018.
2. Resolución das reclamacións á proclamación provisional dos resultados ás eleccións a reitor e a representantes do Claustro e proclamación definitiva de resultados de cada elección.
3. Aprobación, se procede, do procedemento de representación nas xuntas de centro e nos consellos de departamento do PAS que presta servizo nos distintos ámbitos.
4. Asuntos varios.
5. Rogos e preguntas.
6. Aprobación da acta correspondente a esta reunión do 27 de abril de 2018.

Inicia o presidente a sesión indicando que desculpan a súa presenza Ernesto Vázquez-Rey Farto e María Flora Alonso Vega, que posteriormente se incorpora á sesión

### **1. Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinarias do 28 de febreiro e 22 de marzo de 2018.**

Non se presentaron alegacións. Apróbase por asentimento.

### **2. Resolución das reclamacións á proclamación provisional dos resultados ás eleccións a reitor e a representantes do Claustro e proclamación definitiva de resultados de cada elección.**

Informa o presidente da Comisión de que non se presentaron reclamacións á proclamación provisional dos resultados, polo que cumpre a proclamación definitiva de resultados.

Comenta que se produciron moi escasas incidencias durante a xornada electoral, que foron axuntadas coa convocatoria, e que non afectaron en absoluto aos resultados.

Intervén a secretaria para solicitar que se dea conta neste acta do procedemento de urxencia que se puxo en marcha para que se puidera dispoñer de papeletas en Braille nas mesas dos centros nos que constaba a presenza de estudantado con discapacidade visual  $\geq 33\%$ . Propón que o acordo tomado a través de consulta por correo-e aos membros da Comisión, se incorpore tamén á presente acta, para que conste de xeito oficial (**Anexo I**). Apróbase.

Ao respecto deste procedemento, explica a secretaria que finalmente houbo un cambio con respecto ao que se indicaba ao principio. Finalmente, as papeletas non estaban impresas nas dúas linguas (braille e galego) no mesmo papel, senón en papeis separados, polo que houbo que grampalas, e indicar ás persoas que ocupaban a presidencia das mesas implicadas que explicaran aos interesados/as que debían introducilas xuntas no sobre para facilitar o escrutinio. Durante a xornada, tan só nunha das mesas solicitouse a votación en braille, nun centro no que tan só se realizou a votación nas eleccións a reitor. Actuouse segundo o procedemento establecido e o voto foi recontado con normalidade.

En relación coas incidencias acontecidas, a profesora Beatriz Vaquero apunta que de ser certo o que se recolle na incidencia presentada polo estudante do grao de Ciencias da Actividade Física e do Deporte, de que o secretario administrativo da dirección da facultade entrou na zona de selección de papeletas a interferir na zona de elección de voto, considera que é unha actitude moi inadecuada e quere que así conste en acta.

A secretaria indica que, en efecto de terse producido é unha actitude reprobable, polo que se traía á consideración da Comisión a toma de decisión acerca de como actuar ao respecto.

Tamén Federico Fernández destaca a irregularidade desta actuación, xa que con esa zona reservada o que se pretende é garantir a confidencialidade do voto. Destaca que se esa persoa non forma parte da mesa electoral non ten que estar aí explicando o voto a ninguén. Cre que dende a Comisión debería actuarse, xa que non se poden pasar por alto estes feitos.

Mónica Zas opina que debe solicitarse un informe ao presidente da mesa electoral correspondente para que dea conta sobre se detectaron este tipo de feitos no desenvolvemento da sesión e, en función dese informe, a Comisión actuase.

Acórdase solicitar dito informe da presidencia da mesa electoral.

Federico Fernández dá conta de que o censo de PAS que estaba a disposición da mesa de Ourense era o censo de PAS de toda a Universidade. Mónica Zas subliña que isto pasou en todas as mesas. Solicítase que o censo sexa o que corresponde a cada mesa, para garantir que non se poida votar en dous sitios.

A secretaria pide desculpas polo erro que non debería ter acontecido, aínda que non se comentou nin ao inicio da votación, nin se fixo constar nas incidencias. Solucionarase para posteriores eleccións.

Intervén novamente o Sr. Federico Fernández para solicitar que en vindeiras ocasións poidan revisarse as papeletas antes da súa impresión para evitar os erros detectados na impresión das papeletas para a votación dos representantes do PAS para o claustro. Pregunta tamén como se indicou aos membros da mesa o seu dereito a recuperar o día que lles corresponde.

Responde a secretaria xeral que se recolle ese dereito nas instrucións enviadas aos presidentes da mesa.

Federico Fernández indica tamén que lle preguntaron polo modo de actuar para a percepción da media dieta que corresponde aos membros da mesa, pero que xa lle informou Ángeles Carballo que se fai de oficio. E volve a formularse tamén a situación do estudantado que participa nas mesas.

O presidente explica que o estudantado non ten dereito á percepción de comisións de servizo, por non ser traballadores da institución.

Coméntase que xa é algo apuntado anteriormente e que debería ser solucionado no futuro.

### **3. Aprobación, se procede, do procedemento de representación nas xuntas de centro e nos consellos de departamento do PAS que presta servizo nos distintos ámbitos.**

Informa o presidente, que dende o desenvolvemento da nova RPT, coa constitución das áreas de Apoio á Investigación e Transferencia e á Xestión de Centros e Departamentos, a representatividade dos PAS nos consellos de departamento queda indefinida; Do mesmo xeito, o agrupamento dos PAS en ámbitos tecnolóxicos dilúe tamén o colectivo que pode participar nas eleccións de representantes a xuntas de centro. Polo tanto, cómpre que esta Comisión defina os criterios para a selección dos representantes do PAS en ambos órganos que permita equilibrar ambas situacións.

Indica tamén que a decisión que se tome non debe afectar a outras situacións de dependencia orgánica, tan só temos que debater con respecto á situación electoral. Fai a proposta de asignación por sorteo.

Mónica Zas propón que sexa por elección dos implicados. Establécese un intercambio de opinións ao respecto. Habendo consenso en que debería permitirse a elección por parte dos membros do PAS de en que departamento ou centro quere participar, débete acerca da conveniencia de que no caso de que se supere a % de representatividade dos centros, requirir un acordo entre o persoal implicado.

Finalmente, acórdase que os membros do PAS adscritos a unidades administrativas que prestan servizo a varios centros e/ou departamentos poderán optar a ser elixidos como representantes do seu Sector en calquera das Xuntas de Centro ou Consellos de Departamentos aos que a súa unidade administrativa dea servizo.

A Comisión Electoral resolverá as incidencias que se puideran presentar ó elaborar os censos correspondentes e coordinará a súa elaboración.

### **4. Asuntos varios.**

Non hai.

### **5. Rogos e preguntas.**

Federico Fernández solicita que dende a Secretaría Xeral se traslade a Xerencia a petición de que se homoxeneice a denominación dos censos coas das situacións que aparecen na RPT. Buscando unha denominación única de todas as dependencias universitarias que permita elaborar un nomenclátor único.

O presidente e a secretaria agradecen a colaboración dos membros da Comisión Electoral ao longo desta etapa, e destacan que o debate que se produciu no seu seo foi enriquecedor e pon de manifesto a diversidade de opinións pero mantendo a seriedade e rigor que requiren os procesos electorais na Universidade.

### **6. Aprobación da acta correspondente a esta reunión do 27 de abril de 2018.**

Apróbase a acta, tomando o acordo de que a secretaria da comisión remitirá o texto aos membros da mesma para a súa revisión detallada.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:20h do día 27 de abril de 2018, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

Manuel Fernández Iglesias

Gloria Mª Pena Uris

D. Miguel-Ángel Michinel Álvarez, DNI 34966524S, profesor titular da Universidade de Vigo

### EXPÓN

Que o artigo primeiro do procedemento para a elección de reitor/a da Universidade de Vigo (aprobado pola Comisión Electoral en data 23 de xaneiro de 2014, e modificado o día 8 de febreiro de 2018) dispón que “o reitor/a será elixido pola comunidade universitaria mediante elección directa e sufraxio universal libre e secreto”; ao que cabe engadir o disposto polo artigo 9 (“1. A emisión de voto será directa e secreta. 2. O dereito de sufraxio é persoal e intransferible. 3. Non se permitirá en ningún caso nin a delegación de voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo”) e polo artigo 25.1º (“as papeletas de votación serán impresas. A secretaría xeral facilitará aos Decanos/as e Directores/as dos centros as papeletas de votación e os sobres correspondentes”) da mesma norma.

Consecuentemente, o abaixo asinante quere facer constar a dificultade das persoas con discapacidade visual que sexan membros da comunidade universitaria para poder exercer o seu lexítimo dereito ao voto, polo que

### SOLICITA

Que se facilite aos centros de votación papeletas impresas en braille, para garantir o dereito de sufraxio das persoas con discapacidade visual.

Asdo.: Prof. Dr. Miguel Michinel Álvarez  
En Ourense, a 17 de abril de 2018.

Ao Presidente da Comisión Electoral da Universidade de Vigo

Á SECRETARÍA XERAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO

**Sec Xeral**

---

**De:** Sec Xeral <secxeral@uvigo.es>  
**Enviado el:** jueves, 19 de abril de 2018 15:16  
**Para:** 'alonso vega'; 'bravo bernárdez'; 'fernández fernández'; 'fernández iglesias, manuel'; Ferreiro Vázquez, Óscar; 'gonzález santamaría'; López Riveiro, Fernando; 'martínez martín'; 'mejuto fernández'; 'pena uris'; 'vaquero dÍaz'; 'Vázquez-Rey Farto, Ernesto'; 'zas varela'  
**Asunto:** MOI URXENTE  
**Datos adjuntos:** urxente-solicitud papeletas Braille.docx; Michinel-PAPELETAS BRAILLE.PDF; solicitud prof-Michinel.pdf  
**Importancia:** Alta

---

Universidade de Vigo

Secretaría  
Xeral

Edificio  
Reitoría  
Campus de  
Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 813 614  
Fax 986 813 559  
webs.uvigo.es/sxeralweb  
[secxeral@uvigo.es](mailto:secxeral@uvigo.es)

---

Estimados membros da Comisión electoral,

A solicitude da secretaria da Comisión, achéganse os escritos seguintes:

- 1.- Un documento word no que se explica a situación producida tras una solicitude recibida para as eleccións do luns 23 e que require rápida resposta
- 2.- Dous pdf que son citados no texto anterior.

Prégase que se responda a este correo con urxencia para poder realizar as actuacións pertinentes.

Un daúdo

Secretaría Xeral  
Universidade de Vigo

---

Antes de imprimir esta mensaxe asegúrese de que é necesario

Estimados membros da Comisión Electoral,

Foi recibido nesta Secretaría Xeral un escrito, con data de rexistro 17/04/2018, que se achega escaneado, no que o profesor Michinel Álvarez solicita que se facilite aos centros de votación papeletas impresas en braille. Destacamos que hoxe tamén recibíuse unha chamada dun centro do Campus de Vigo preguntando por esta posibilidade.

Compre destacar que a *Real Decreto 1612/2007, de 7 de diciembre, por el que se regula un procedimiento de voto accesible que facilita a las personas con discapacidad visual el ejercicio del derecho de sufragio* indica no seu artigo 3, de forma expresa que:

1. *Las personas con discapacidad visual que conozcan el sistema de lecto-escritura braille y tengan reconocido un grado de minusvalía igual o superior al 33 por ciento o sean afiliados a la organización nacional de Ciegos Españoles, y deseen utilizar el procedimiento de voto accesible regulado en el presente real decreto, deben comunicarlo al Ministerio del Interior, a través de los medios específicos que se determinen mediante orden del Ministro del Interior. (...).*
2. *Una vez realizada la comunicación anterior, el elector con discapacidad visual recibirá una confirmación de la recepción de la misma que le habilitará para recoger la documentación en la Mesa electoral. (...)*
3. *La comunicación a que se refiere el presente artículo podrá realizarse desde el mismo día de la convocatoria del proceso electoral y hasta el vigésimo séptimo día posterior a la misma. (...)*

No noso caso, a comunicación debería realizarse diante da Comisión electoral ou, no seu defecto da Secretaría Xeral. Ata o día de hoxe, ningunha persoa petente a este colectivo fixo esta solicitude.

Pero, sendo sensibles ás necesidades das persoas con discapacidade e a imposibilidade de convocar á Comisión Electoral pola proximidade ao día das eleccións, o presidente e secretaria da comisión acordamos buscar unha posible solución a esta necesidade, e solicitar posteriormente o acordo dos membros da comisión.

Deste xeito,

1.- Procedemos a identificar aqueles centros nos que consta a presenza de alumnado que tivera solicitado a súa integración nun Programa de Integración de Universitarios con Necesidades Especiais (PIUNE) por causa de discapacidade visual. Non temos constancia doutras persoas que estean encadradas neste colectivo. Comprobouse a presenza de catro estudantes pertencentes aos centros de:

Facultade de Ciencias da Educación e Enxeñaría Informática, en Ourense  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e Facultade de Filoloxía e Tradución, en Vigo

2.- Verificouse que, dos centros anteriores, tan só hai que realizar eleccións ao Claustro no sector de estudantes na Facultade de Ciencias da Educación, polo que tanto o baixo número como a simplicidade na realización das papeletas, facía posible elaboralas en tan curto prazo.

3.- Requiríuse a colaboración da ONCE para a elaboración das papeletas de votación a Reitor para todos os centros anteditos e a membros do Claustro Universitario só na Facultade de Ciencias da Educación. As papeletas estarán impresas de xeito normal e ademais en Braille, polo que o escrutinio das mesmas non presentará dificultades, nin requirirá a constitución dunha comisión específica como prevé o Real Decreto 1612/2007.

4.- Solicitouse un vehículo que traslade as papeletas ata os centros implicados.

Polo tanto o luns poderíamos ter, nas mesas dos centros indicados, as papeletas en braille necesarias por si os estudantes, que a nós nos consta que teñen un  $\geq 33\%$  de discapacidade visual, queren facer uso das mesmas.

Agora ben, compre subliñar algo especialmente importante: posto que só consta a presenza dunha persoa con esta discapacidade en cada un dos centros identificados, de exercer o seu dereito a empregar as papeletas braille, lesionaríase o seu dereito ao secreto do seu voto, xa que no relato sería identificable.

Ante esta situación, propoñemos que as papeletas en braille se entreguen ao presidente da mesa electoral e a persoa que o desexe deberá solicitálas na mesa. O presidente deberá informarlle das circunstancias anteditas e recadar o seu consentimento, que se deberá facer constar expresamente na acta.

Neste sentido enviouse a resposta ao profesor Michinel, que tamén achegamos con este correo. Pero como se recolle nese texto, é necesario que os membros da Comisión Electoral manifesten a súa opinión ao respecto de este procedemento, lembrando unha vez máis que a lei non nos obriga a elo, xa que non temos solicitudes dos interesados.

No caso de que haxa acordo no procedemento, comunicarase aos presidentes das mesas dos centros implicados esta situación e o xeito de proceder. En caso contrario, as papeletas en braille non serán distribuídas.

Pregamos que respondades a este correo o antes posible, para poder obrar en consecuencia.

Moitas grazas

Gloria M. Pena

Secretaria da Comisión Electoral

**Sec Xeral**

---

**De:** Sec Xeral <secxeral@uvigo.es>  
**Enviado el:** viernes, 20 de abril de 2018 9:59  
**Para:** Pena Uris, Gloria M.  
**Asunto:** Michinel - Braille

---

Universidade de Vigo

Secretaría  
Xeral

Edificio  
Reitoría  
Campus de  
Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 813 614  
Fax 986 813 559  
webs.uvigo.es/sxeralweb  
[secxeral@uvigo.es](mailto:secxeral@uvigo.es)

---

Bo día, Gloria:

Infórmoche que todos membros da Comisión Electoral que responderon (Manolo, Ernesto Vázquez, Óscar Ferreiro, Pedro Glez., Flora, Jorge Bravo, Mónica Zas e Federico) ao teu correo de onte o fixeron favorablemente ao que se propón.

Un saúdo,

Nito

Secretaría Xeral  
Universidade de Vigo

---

Antes de imprimir esta mensaxe asegúrese de que é necesario

**Sec Xeral**

---

**De:** michinel@uvigo.es  
**Enviado el:** jueves, 19 de abril de 2018 17:31  
**Para:** Sec Xeral  
**Asunto:** Re: Papeletas braille  
**Datos adjuntos:** image001.jpg

Muchas gracias por su respuesta.

Saludos.

Miguel Michinel

Sec Xeral <[secxeral@uvigo.es](mailto:secxeral@uvigo.es)> escribió:

---

Universidade de Vigo

Secretaría  
Xeral

Edificio  
Reitoría  
Campus de  
Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 813 614  
Fax 986 813 559  
[webs.uvigo.es/sxeralweb](http://webs.uvigo.es/sxeralweb)  
[secxeral@uvigo.es](mailto:secxeral@uvigo.es)

---

Seguindo instrucións da secretaria xeral, dona Gloria M. Pena Uris, achégase escrito de resposta á súa petición, na que solicita que se faciliten aos centros de votación papeletas impresas en braille.

Atentamente,

Secretaría Xeral

Universidade de Vigo

---

Antes de imprimir esta mensaxe asegúrese de que é necesario

**D. Miguel Michinel Álvarez**  
**Facultade de Dereito**

Visto o seu escrito de data 17 de abril de 2018 no que solicita se facilite aos centros de votación papeletas impresas en braille para garantir o dereito de sufraxio das persoas con discapacidade visual, cúmpreme comunicarlle o seguinte:

Na normativa electoral da Universidade non se establece ningún procedemento específico para o sufraxio do colectivo con discapacidade visual. Non obstante, en materia electoral aplícanse con carácter supletorio as normas electorais estatais. Así, o *“Real Decreto 1612/2007, de 7 de decembro, por el que se regula un procedimiento de voto accesible que facilita a las personas con discapacidad visual el ejercicio del derecho de sufragio”* sinala:

*“Artículo 3. Comunicación de la utilización del procedimiento de voto accesible*

- 1. Las personas con discapacidad visual que conozcan el sistema de lecto-escritura braille y tengan reconocido un grado de minusvalía igual o superior al 33 por ciento o sean afiliados a la organización nacional de Ciegos Españoles, y deseen utilizar el procedimiento de voto accesible regulado en el presente real decreto, deben comunicarlo al Ministerio del Interior, a través de los medios específicos que se determinen mediante orden del Ministro del Interior. (...).*
- 2. Una vez realizada la comunicación anterior, el elector con discapacidad visual recibirá una confirmación de la recepción de la misma que le habilitará para recoger la documentación en la Mesa electoral. (...)*
- 3. La comunicación a que se refiere el presente artículo podrá realizarse desde el mismo día de la convocatoria del proceso electoral y hasta el vigésimo séptimo día posterior a la misma.(...)”*

Tendo en conta que ningún membro da comunidade universitaria con discapacidade visual solicitou a esta Secretaría Xeral ou á Comisión electoral medidas facilitadoras para o exercicio do seu dereito a voto, non se regulou ningún procedemento específico para estas eleccións.

Non obstante, á vista da súa solicitude e sendo sensibles as necesidades deste colectivo, iniciamos un procedemento urxente que nos permita a posibilidade de ofrecer papeletas en Braille, dada a limitación de tempo. A continuación explicamos os pasos iniciados:

Procedemos a identificar aqueles centros nos que consta a presenza de alumnado que tivera solicitado a súa integración nun Programa de Integración de Universitarios con Necesidades Especiais (PIUNE) por causa de discapacidade visual. Non temos constancia doutras persoas que

estean encadradas neste colectivo. En segundo lugar, requiriuse a colaboración da ONCE para a elaboración das papeletas de votación a Reitor e a membros do Claustro Universitario para ditos centros. Polo tanto, confiamos en que o luns podamos contar co número necesario de papeletas en braille nestes centros.

Aínda que é preciso poñer de manifesto que, dado que tan só consta a presenza dunha persoa con esta discapacidade en cada un dos centros identificados, de exercer o seu dereito a empregar estas papeletas, lesiónase o dereito ao secreto do seu voto. Polo que propoñemos que as papeletas en braille se entreguen ao presidente da mesa electoral e a persoa que así o desexe deberá solicitalas. O presidente deberá informar das circunstancias anteditas e recadar o seu consentimento, que deberá constar expresamente na acta.

Diante das dúbidas que poidan xurdir con este procedemento que, insistimos, non foi solicitado por ningún membro da comunidade, informámoslle de que está sendo sometido á consideración da comisión electoral. En canto teñamos a resolución deste órgano, darémoslle conta da mesma.

Saúdo atentamente,

Vigo, 19 de abril de 2018

Gloria Pena Uris  
Secretaria Xeral